




Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia

Resumo executivo. Ano 2010



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e da Modernización
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

Enquisa ás empresas galegas


Resumo executivo

I. Microempresas (de 0 a 9 traballadores / as)

- I.1. Equipamento TIC
- I.2. Emprego das TIC
- I.3. Comercio electrónico
- I.4. Formación

II. Empresas de 10 e máis traballadores /as

- II.1. Equipamento TIC
- II.2. Emprego das TIC
- II.3. Usos e desenvolvemento tecnolóxico
- II.4. Comercio electrónico
- II.5. Formación



Presentación

Neste documento amósanse os principais resultados da “Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da Información en Galicia. Ano 2010”, estruturada en dous grandes capítulos:

- Indicadores de microempresas (de 0 a 9 traballadores/as)
- Indicadores de pequenas e medianas empresas (10 e máis traballadores/as).

Esta enquisa foi elaborada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), no marco da encomenda realizada pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia




I. Empresas de 0 a 9 empleados/as

I.1. Equipamento TIC: Conexión a Internet

Empresas con acceso a Internet contratado

(% empresas de 0 a 9 trabajadores/as)




Un 63,8% das empresas galegas de entre 0 e 9 traballadores/as dispón de conexión a Internet.

Fonte: OSIMGA

Na contratación de Internet existen grandes diferenzas entre as persoas físicas, con menor grao de dispoñibilidade, e as sociedades.

Empresas con acceso a Internet contratado segundo a condición xurídica

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as)




Fonte: OSIMGA

I.1. Equipamento TIC: Conexión a Internet

Tecnoloxía principal de acceso a Internet contratada nas microempresas

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso de Internet)




Fonte: OSIMGA

O 93,9% das microempresas con conexión a Internet dispón de Banda Larga.

O ADSL é a tecnoloxía de acceso máis empregada polas empresas de entre 0 e 9 traballadores/as (nun 78,7% das conexións).

Velocidade de acceso a Internet contratada nas microempresas

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA

A velocidade de acceso máis frecuente oscila entre 4 e 10 Mbps (contratada no 31,6% das microempresas con acceso a Internet).

I.1. Equipamento TIC

Equipamento TIC das microempresas

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as)




O ordenador e o teléfono móbil, son os equipamentos TIC con maior presenza nas empresas de entre 0 e 9 traballadores/as.

As sociedades presentan un mellor equipamento TIC que as persoas físicas.

Fonte: OSIMGA

I.2. Emprego das TIC: Intercambio automatizado de datos

Intercambio automatizado de datos



Base: empresas de 0 a 9
traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Un 21,7% das microempresas intercambian datos de xeito automatizado, cun crecemento de 12,3 puntos porcentuais no período comprendido entre xaneiro de 2009 e decembro de 2010.

Destas microempresas, un 59,8% reciben facturas electrónicas e un 36% envíaas.


TIPOLOXÍA DE MENSAXES AUTOMATIZADAS	SI	NON	NS / NC
Envío de pedidos aos provedores	62.7	35.2	2.1
Recepción de facturas electrónicas	59.8	39.1	1.1
Recepción de pedidos de clientes	46.5	52.9	0.6
Envío de facturas electrónicas	36.0	61.2	2.8
Envío ou recepción de información sobre produtos	72.4	24.9	2.7
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas	48.3	46.9	4.8
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	58.2	37.1	4.6
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	42.7	54.1	3.2

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que intercambiaron automatizadamente datos
Fonte: OSIMGA

1.2. Emprego das TIC : Compartir información electrónica con provedores e clientes.

O 8,4% das microempresas comparte información electrónica con provedores e clientes, principalmente cos provedores para verificar sobre o estado dos envíos .


Compartir información electrónicamente con provedores e clientes



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Emprego de de diferentes ferramentas informáticas para os sistemas de xestión

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as)




Fonte: OSIMGA

As ferramentas informáticas de xestión contable e financeira e de xestión de clientes e provedores son as máis empregadas.

I.2. Emprego das TIC: Administración electrónica

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España
(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA-INE

Un 45,7% das microempresas con conexión a Internet interactúan coas AA.PP., principalmente para obter información. A Xunta de Galicia foi a Administración que recibiu máis consultas, seguida pola Administración Xeral do Estado.

TIPO DE INTERACCIÓN	Si (%)	Administracións (% sobre as empresas que interactuaron coas AAPP para...)			
		Xunta de Galicia	Admon Xeral do Estado	Concellos	Ns / nc
Para obter información	40,2	74,4	72,9	42,3	11,3
Para obter impresos e formularios	38,6	66,9	72,0	37,7	10,6
Para devolver impresos cubertos	28,9	54,1	70,4	27,4	13,0
Para a xestión electrónica completa	24,0	43,7	73,9	25,1	15,3
Para presentar unha proposta comercial a licitación pública	7,6	58,7	43,0	43,8	36,4

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet


Fonte: OSIMGA

I.2. Emprego das TIC: Sinatura dixital

Empresas utilizaron a sinatura dixital nalgunha comunicación enviada

Comparación Galicia e España

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA-INE

O uso de sinatura dixital duplícase nas sociedades en relación ás persoas físicas.

Un 26,2% das microempresas fixeron uso de firma dixital, cun incremento dun 8,3% con respecto ao ano 2009. Destas, o 79% empregouna para relacionarse coas AA.PP. e o 15,3% para as relacións con clientes e/ou provedores.

Emprego da sinatura dixital segundo a condición xurídica

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que usaron a sinatura dixital)




Fonte: OSIMGA

I.2. Emprego das TIC: Páxina web

Dispoñibilidade de páxina web

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que teñen acceso a Internet)



Fonte: OSIMGA


Un 27,4% das microempresas galegas con conexión a Internet dispón de páxina web.

Motivos para non dispoñer de páxina web

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que non teñen páxina web)

Os motivos principais indicados polas microempresas que non teñen páxina web son a falta de demanda dos contidos da empresa, a falta de recursos e a existencia doutras prioridades.


Non teñen información suficiente sobre posibilidade, tecnoloxía ou fornecedores



Fonte: OSIMGA

I.4. Comercio electrónico

Compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico no ano 2010




O 19,4% das microempresas realizou compras a través da Rede no ano 2010.

Vendas a través do comercio electrónico no ano 2010

Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

No mesmo período, un 8,3% vendeu os seus produtos e/ou servizos a través de Internet.


Non
76,3%



Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

I.4. Formación

Empresas que facilitaron formación TIC aos seus traballadores/as




Base: empresas de 0 a 9 traballadores/as
Fonte: OSIMGA

O 7,9% das microempresas facilitaron formación TIC aos seus traballadores/as no último 2010.

Tipoloxía de formación TIC recibida

(% empresas de 0 a 9 traballadores/as que facilitaron formación en TIC no ano 2010)



Fonte: OSIMGA

Entre as microempresas que facilitaron formación TIC, un 22,5% proporcionou formación en Software Libre ao persoal encargado das actividades informáticas e un 16,7% ao resto de persoal.




II. Empresas de 10 e máis empregados/as

II.1. Equipamento TIC: Conexión a Internet e banda larga

Empresas con acceso a Internet contratado

Comparación Galicia, España e UE
(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA-INE-EUROSTAT

O 92,4% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as dispón de banda larga.

O 98% das empresas de 10 e máis traballadores/as dispón de conexión a Internet, cun crecemento de 5,1 puntos porcentuais dende comezos do ano 2009.

Empresas con conexión a Internet con Banda Larga

Comparación Galicia, España e UE
(% empresas de 10 e máis traballadores / as)




Fonte: OSIMGA-INE-EUROSTAT

(1) Considérase banda larga á conexión a Internet realizada a través de ADSL, Cable, banda larga móbil e outras tecnoloxías de banda larga

II.1. Equipamento TIC: Conexión a Internet

Tecnoloxía principal de acceso a Internet contratada na empresa

(% empresas de 10 e máis traballadores/as que teñen acceso de Internet)




Fonte: OSIMGA

A tecnoloxía de acceso máis empregada polas empresas de 10 e máis traballadores/as é o ADSL.

Velocidade de acceso a Internet contratada na empresa

(% empresas de 10 e máis traballadores/as que teñen acceso a Internet)




Fonte: OSIMGA

A velocidade de acceso a Internet máis frecuente oscila entre 4 e 10 Mbps (contratada no 30,6% das empresas con acceso a Internet), e un 70,7% disfruta de velocidade de conexión superior a 2 Mbps.

II.1. Equipamento TIC

Equipamentos en TIC

(% empresas de 10 e máis traballadores/as)




Fonte: OSIMGA

A práctica totalidade das empresas de 10 e máis traballadores / as dispón de ordenador (99,6%), e o 93,7% de teléfono móbil para uso empresarial. Importantes son tamén as porcentaxes referidas á dispoñibilidade de servidores para bases de datos (79,2%) e de rede de área local (78,2%).

II.2. Emprego das TIC: Intercambio automatizado de datos

Intercambio automatizado de datos



Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Máis da metade das empresas (55,9%) intercambian datos automatizadamente.


O envío de instrucións de pago a entidades bancarias é a mensaxe automatizada máis intercambiada (79,4%), seguida do envío ou recepción de información sobre produtos (74,3%).

TIPOLOXÍA DE MENSAXES AUTOMATIZADAS	SI	NON	NS / NC
Envío de pedidos aos provedores	67,1	32,4	0,4
Recepción de facturas electrónicas	54,5	44,5	0,9
Recepción de pedidos de clientes	59,9	39,0	1,1
Envío de facturas electrónicas	33,6	65,0	1,4
Envío ou recepción de información sobre produtos	74,3	24,0	1,7
Envío ou recepción de documentación sobre transporte, envío de entregas	55,3	42,1	2,6
Envío de instrucións de pago a entidades bancarias	79,4	19,0	1,6
Intercambio automatizado de información coa Administración Pública	73,8	21,9	4,3

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as que intercambiaron automatizadamente datos
Fonte: OSIMGA

II.2. Emprego das TIC : Compartir información electrónica con provedores e clientes.

Compartir información electronicamente con provedores e clientes




Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

Un 23% das empresas galegas de 10 e máis empregados / as comparten información electrónica con provedores e clientes.

Emprego de ferramentas informáticas

(% empresas de 10 e máis traballadores/as)


A ferramenta informática máis usada é a xestión contable e financeira.



Fonte: OSIMGA

II.2. Emprego das TIC:Disponibilidade de ferramentas informáticas.

Un 26,5% das empresas dispón de ERP e un 16,2% de CRM.



Fonte: OSIMGA


A dispoñibilidade de ERP e CRM medra significativamente segundo aumenta o número de empregados /as.

Disponibilidade de ferramentas informáticas % de resposta múltiple	Nº EMPREGADOS/AS					Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	De 250 ou máis	
ERP	16,2	30,2	48,8	60,9	71,4	26,5
CRM	10,9	20,9	20,9	31,8	28,6	16,4
N	265	162	43	22	8	500

Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

II.2. Emprego das TIC: Administración electrónica

Uso de Internet para interactuar coas Administracións Públicas



Un 75,3% das empresas interactúan coas AA.PP., principalmente para obter impresos, formularios e información. A Xunta de Galicia foi a Administración que recibiu máis consultas.

Base: empresas de 10 e máis traballadores /as con acceso a Internet
Fonte: OSIMGA


TIPO DE INTERACCIÓN	Sí (%)	Administracións (% sobre as empresas que interactuaron coas AAPP para...)			
		Xunta de Galicia	Admon Xeral do Estado	Concellos	Ns / nc
Para obter información	69,3	82,8	80,2	41,4	4,3
Para obter impresos e formularios	69,8	72,9	78,0	32,7	4,9
Para devolver impresos cumprimentados	59,9	62,4	76,3	18,1	7,5
Para a xestión electrónica completa	53,5	50,7	78,2	12,6	9,6
Para presentar unha proposta comercial a licitación pública	11,1	50,3	43,3	31,8	36,8

Base: empresas de 10 e máis traballadores / as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

II.2. Emprego das TIC: Sinatura dixital

Empresas que utilizaron a sinatura dixital nalgunha comunicación enviada

Comparación Galicia e España
(% empresas de 10 e máis traballadores /as que teñen conexión a Internet)




Fonte: OSIMGA-INE

O 92,7% das empresas que utilizaron a sinatura dixital empregou este servizo para relacionarse coas AA.PP. e o 10,1% para as relacións con clientes e/ou provedores.


Emprego de sinatural dixital

(% empresas de 10 e máis traballadores /as que usaron a sinatura dixital)



Fonte: OSIMGA

II.2. Emprego das TIC: Páxina web



Base: empresas de 10 e máis traballadores /as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Un 66,5% das empresas do sector Servizos contan con páxina web, cunha diferenza de 8,1 puntos porcentuais con respecto ao sector da Construción.

A medida que se incrementa o número de empregados /as tamén hai maior presenza de páxina web nas empresas.

Un 64,8% das empresas de 10 e máis empregados/as con acceso a Internet dispoñen de páxina web e un 8% téñena en construción.

Disponibilidade de páxina web	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Si	64,0	58,4	66,5	64,8
En construción	6,5	10,9	7,9	8,0
Non	29,5	29,7	25,1	26,8
NS / NC	0,0	1,0	0,4	0,4
N	139	101	239	490

Base: empresas de 10 e máis traballadores /as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

Disponibilidade de páxina web	Nº EMPREGADOS/AS (%)					Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	De 250 ou máis	
Si	57,4	71,1	69,0	86,4	100	64,8
En construción	7,4	9,4	11,9	0,0	0,0	8,0
Non	34,9	18,9	19,0	13,6	0,0	26,8
NS / NC	0,4	0,6	0,0	0,0	0,0	0,4
N	258	159	42	22	8	490


Base: empresas de 10 e máis traballadores /as que teñen acceso a Internet
Fonte: OSIMGA

II.3. Usos e desenvolvemento tecnolóxico:dispoñibilidade de persoal propio dedicado ás TIC e servizos contratados.

A porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as con persoal propio dedicado ás TIC é do 19,8%.

A porcentaxe de homes que desenvolven funcións relacionadas coas TIC nas empresas de 10 e máis empregados/as sitúase no 81,2% fronte ao 18,8% de mulleres.

Dispoñibilidade de persoal propio dedicado ás TIC




Base: Total de empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

	% DE TRABALLADORES / AS		Total
	Homes	Mulleres	
PERSOAL DEDICADO AS TIC	81,2	18,8	100,0

Base: empresas de 10 e máis traballadores /as que teñen persoal propio dedicado as TIC
Fonte: OSIMGA

II.4. Comercio electrónico

Compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico no ano 2010




Base: empresas de 10 ou máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

O 37,6% das empresas realizou compras a través da Rede no último ano.

Empresas que realizaron compras de bens ou servizos a través do comercio electrónico


Evolución Galicia

(% empresas de 10 e máis traballadores /as)



Fonte: OSIMGA-INE

Vendas de bens ou servizos a través do comercio electrónico no ano 2010




Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

No mesmo período, un 16,9% vendeu os seus produtos e/ou servizos en Internet.

Empresas que venderon bens ou servizos a través do comercio electrónico no ano 2010

Evolución Galicia


(% empresas de 10 e máis traballadores/ as)



Fonte: OSIMGA-INE

II.5. Formación

Empresas que facilitaron formación TIC aos seus traballadores/as




Base: empresas de 10 e máis traballadores/as
Fonte: OSIMGA

O 19,4% das empresas galegas de 10 e máis traballadores/as proporcionaron formación en TIC no ano 2010, cun crecemento de 7,2 con respecto ao ano 2009.


Tipoloxía de formación TIC recibida

(% empresas de 10 e máis traballadores/as que facilitaron formación en TIC no último ano)



Destas empresas, un 16,1% facilitou formación en software libre ao persoal encargado das actividades informáticas e un 13,6% ao resto de persoal.

Fonte: OSIMGA



Ficha Técnica da enquisa

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

Tamaño da mostra: 500 entrevistas a empresas de 10 ou máis empregados / as; 825 entrevistas a empresas de 0 a 9 empregados/as.

Afixación: Na submostra de empresas de 0 a 9 empregados/as: estratificada proporcional en primeira fase, por volume de emprego, actividade e condición xurídica. Na submostra de empresas de 10 e máis empregados/as: estratificada proporcional, en primeira fase, por volume de emprego, actividade e provincia de localización da sede da empresa,. Nunha segunda fase selección aleatoria da empresa dentro de cada un dos estratos definidos en cada submostra.

Erro mostral: Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0.5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para a submostra de microempresas é de $\pm 3,48\%$; para as empresas de 10 ou máis traballadores/as é de $\pm 4,35\%$.

Período de referencia: o ano 2010 para as variables de fluxo e para as variable de fondo decembro de 2010.

Traballo de campo: do 1 de marzo ao 20 de abril de 2011.

A información de referencia para o ano 2009 procede do INE e, en termos evolutivos, existen case dous anos de diferenza na recollida dos datos cando nos referimos á evolución 2009 – 2010 para Galicia.

Á hora de comparar a información da Enquisa OSIMGA 2010 coa subministrada polo INE para o ano 2010, convén salientar que media case un ano entre as datas de recollida de información de ambas as dúas enquisas: o periodo de referencia para as variables do INE é xaneiro de 2010, agás as variables sobre comercio electrónico referidas á totalidade do ano 2009 mentres que o da enquisa OSIMGA é decembro de 2010, salvo os indicadores de comercio electrónico referidos á totalidade do ano 2010.

